



Secretaría FGTM (Antonio Lasén Casas)
C/ Luis Ksado, 17 (local 20), 36209 – Vigo (Pontevedra)
Tlf: 677343968
Web: www.fgtm.es
E-mail: lasencasas@hotmail.com
CIF: V15149453



NOVO SISTEMA DE RANKING OFICIAL DO CIRCUITO GALEGO

A partir da tempada 2015-16, a FGTM vai a establecer un novo sistema de ranking para o circuito galego. Desta forma preténdese solventar os problemas que se detectaron coa normativa anterior, aplicando un sistema máis sinxelo e xusto que sexa do agrado dos xogadores e perdure no tempo.

XUSTIFICACIÓN

Somos conscientes de que o último cambio na normativa é bastante recente, xa que o sistema actual só estivo vixente durante 2 tempadas, pero considerouse necesario a pesar de todo polos seguintes **motivos**:

1. **Dificultade de comprensión do sistema de puntuación actual.** Moitos xogadores facían consultas para comprobar que as puntuacións obtidas nun torneo eran as correctas. Co novo sistema espérase que cada xogador poida calcular persoalmente os puntos obtidos de xeito sinxelo, e comprobar posteriormente que o resultado se corresponde co oficial.
2. **Sobrevaloración de xogadores co ranking unificado actual.** O feito de manter un ranking unificado, permitía ós xogadores de categorías non absolutas obter puntos extra na súa categoría (p. e. infantil), que se terían en conta para a participación en categoría absoluta sen ningunha transformación. Isto provocaba que moitos xogadores obtiveran posicións no ranking irrealis, equiparándose con outros de nivel superior á hora de clasificarse para un torneo absoluto ou de outras categorías que non lle corresponderan por idade/xénero.
3. **Inclusión das actuacións de toda a tempada no novo ranking.** Tendo en conta que a maior parte da dedicación dun xogador está centrada na liga regular, pensouse en incorporar estes resultados ó ranking dalgunha forma, establecéndose así un ranking máis xusto e equitativo.

IMPLANTACIÓN

A súa implantación farase en varios **pasos**, mantendo o principio de puntuar+/restar- as partidas contra xogadores mellores e puntuar-/restar+ si son contra xogadores peores:

1. Modifícase a **fórmula de cálculo** de puntuacións de cada partida, facéndoa máis sinxela e fácil de comprender para os xogadores.
2. Fánse unha serie de **axustes nas puntuacións actuais** do ranking do circuito, partindo dos datos vixentes e do novo ranking de ligas.
3. Sepárase o ranking único actual en **varios rankings por categorías**. Isto implica ter que escoller un método de axuste en caso de que un xogador xogue fora da categoría que lle corresponde pola súa idade/xénero (p. e. si un xuvenil xoga en sub-23 ou unha xogadora participa en categoría absoluta).



Secretaría FGTM (Antonio Lasén Casas)
C/ Luis Ksado, 17 (local 20), 36209 – Vigo (Pontevedra)
Tlf: 677343968
Web: www.fgtm.es
E-mail: lasencasas@hotmail.com
CIF: V15149453



SISTEMA DE PUNTUACIÓN

- En cada torneo/campionato súmanse puntos por cada partido gañado e réstanse por cada un perdido, en función da diferenza de puntos entre os xogadores, segundo a seguinte táboa*:

DIF. PTOS.	JUGADOR MEJOR		JUGADOR PEOR	
[0-25)	+8	-8	+8	-8
[25-50)	+7	-10	+10	-7
[50-75)	+6	-12	+12	-6
[75-100)	+5	-14	+14	-5
[100-125)	+4	-16	+16	-4
[125-150)	+3	-20	+20	-3
[150-175)	+3	-24	+24	-3
[175-200)	+2	-28	+28	-2
[200-225)	+2	-32	+32	-2
[225-250)	+1	-48	+48	-1
[250+)	+1	-64	+64	-1

	Gaña
	Perde

*Ademais, pola participación en cada campionato galego sumaranse 25 puntos.

- A partir de agora separarase o ranking único actual en **varios rankings** (un por cada categoría), de forma que un xogador terá tantas puntuacións distintas como categorías nas que participe. Para correxir a posible sobrevaloración mencionada na xustificación, aplicarase o seguinte:
 - Como punto de partida, a puntuación actual corresponderá á categoría á que pertenza o xogador.
 - Para os cambios de categoría plantexáronse as seguintes posibilidades, escollendo a última delas por considerar que é a máis xusta:
 - Ponderar os puntos actuais do xogador polas medias das dúas categorías involucradas. Este método sería moi xenérico xa que, p. e. a un alevín que xogue en categoría infantil baixarlle algo os puntos, pero non contemplaría a posibilidade de que o xogador en cuestión sexa do mesmo nivel e incluso mellor que os infantís. Por lo tanto, non sería xusto para o xogador en cuestión.
 - Partir simplemente do ranking de liga. Dado que os resultados nunha división son un mellor indicador do nivel dun xogador, este método solventaría o problema anterior, pero non tería en conta as actuacións no circuíto de torneos/campionatos. Polo tanto, non sería xusto para os xogadores que se esforzaran en conseguir puntos do circuíto.
 - Ponderar novamente os puntos actuais na súa categoría polos puntos do ranking de liga. Esta solución consigue un compromiso que ten en conta tanto o nivel máis real do xogador (polo ranking de liga) como a participación en torneos/campionatos do circuíto.**
- Para fomentar a participación nos torneos/campionatos do circuíto, poderíase valorar en temporadas vindeiras a posibilidade de utilizar un factor corrector por cada torneo, partida, etc. xogados, de forma similar ó utilizado para o cálculo do ranking de liga.



AXUSTES

- Mantéñense os postos do ranking do circuíto actual, axustando os puntos para adaptalos ó novo sistema.

$$\text{PuntosNovos} = (\text{PuntosActuais} - 200) / 2$$

RANKING			DATOS		PUNTUACIONES		
ACTUAL	ANTERIOR	Δ	LICENCIA	JUGADOR	NUEVA	ACTUAL	INICIAL
1	1	=	17426	LAWAL ABIODUN GANIU	1211	2623	2427
2	2	=	7508	SANTIAGO PRIETO GONZALEZ	1211	2621	1803
3	3	=	4901	AHMED KAZZEM KOLAWOLE	1201	2601	2144
4	4	=	3578	LIBRE SANCHO MARTINEZ	1150	2499	2400
5	5	=	16998	DANIEL CONIC	1143	2487	2388
6	7	+1	6162	MARCOS SANMARTIN GARCIA	1119	2439	2352
7	10	+3	7769	CARLOS DOMINGUEZ TABUYO	1116	2431	2133
8	8	=	5013	IGNACIO FERNANDEZ PEDROS	1106	2412	2289
9	9	=	3243	ADRIAN VIDAL FERNANDEZ	1101	2403	2314
10	11	+1	4460	FERNANDO PADIN FERNANDEZ	1093	2386	2269
11	6	-5	10001	PABLO UXIO REGUEIRO NUÑEZ	1086	2372	2207
12	12	=	3834	GUILLERMO SANCHEZ ZUÑIGA	1083	2366	2200
13	14	+1	8287	RUBEN GARCIA RODRIGUEZ	1062	2324	2216
14	13	-1	855	JORGE GAMBRA SAID	1049	2298	2298
15	15	=	1501	RAMON BECERRA MELO	1040	2279	2134

- Ó final de cada tempada farase unha media cos puntos do ranking da liga. Isto permitirá axustar mellor os resultados do circuíto ó nivel real dun xogador.

A seguinte táboa da unha referencia rápida de cómo será o resultado do ranking de liga mirando os puntos do ranking dentro de cada división. Para o cálculo aplicaranse as fórmulas que acompañan*:

PTOS	SUM	SUF	DHF	1NF	2NF	DIVISIÓN	FÓRMULA				
		DHM	1NM	2NM	3NM	1GM	2GM	3GM	NIVEL		
1550	100								10	SUM	1050 + (5xRankingLiga)
1500	90									DHM/SUF	900 + (5xRankingLiga)
1450	80									1NM	750 + (5xRankingLiga)
1400	70	100								2NM/DHF	600 + (5xRankingLiga)
1350	60	90							8	3NM	450 + (5xRankingLiga)
1300	50	80								1GM/1NM	300 + (5xRankingLiga)
1250	40	70	100							2GM	150 + (5xRankingLiga)
1200	30	60	90						5	3GM/2NF	0 + (5xRankingLiga)
1150	20	50	80								
1100	10	40	70	100							
1050	0	30	60	90							
1000		20	50	80					7		
950		10	40	70	100						
900		0	30	60	90						
850			20	50	80				6		
800			10	40	70	100					
750			0	30	60	90					
700				20	50	80			5		
650				10	40	70	100				
600				0	30	60	90				
550					20	50	80		4		
500					10	40	70	100			
450					0	30	60	90			
400						20	50	80	3		
350						10	40	70			
300						0	30	60			
250							20	50	2		
200							10	40			
150							0	30			
100								20	1		
50								10			
0								0			

*Se xogou en varias ligas, escollerase na que xogara máis partidos.

*Se xogou <10 partidos, a federación poderá analizar cada caso individualmente, comprobando por exemplo se se enfrontou a xogadores propios da categoría.



Para que os resultados se correspondan o máis posible coa realidade, as divisións femininas non se equiparan de forma directa coas masculinas. Establécese un axuste en función da análise feita de resultados anteriores, tanto en torneos como en ligas, femininas e masculinas. Dito axuste pódese ver na táboa anterior e, de forma máis esquemática, na seguinte:

MASCULINA	FEMENINA	NIVEL
SUM		8
DHM	SUF	7
1NM		6
2NM	DHF	5
3NM		4
1GM	1NF	3
2GM		2
3GM	2NF	1

A conveniencia desta modificación pódese comprobar no ranking de liga.

Ademais, como se pode ver tamén nos resultados que se mostran a continuación, unha vez fusionados (na columna MEDIA) os puntos do circuíto galego e do ranking de liga, este último (LIGA) coincide bastante en moitos casos co primeiro (NUEVA), o que indica que os axustes son apropiados.

RANKING			DATOS		PUNTUACIONES					
ACTUAL	ANTERIOR	Δ	LICENCIA	JUGADOR	NIVEL	MEDIA	LIGA	NUEVA	ACTUAL	INICIAL
1	1	=	17426	LAWAL ABIODUN GANIU	9	1221	1231	1211	2623	2427
2	4	+2	3578	LIBRE SANCHO MARTINEZ	9	1212	1275	1150	2499	2400
3	3	=	4901	AHMED KAZZEM KOLAWOLE	8	1196	1191	1201	2601	2144
4	5	+1	16998	DANIEL CONIC	8	1194	1245	1143	2487	2388
5	12	+7	3834	GUILLERMO SANCHEZ ZUÑIGA	8	1140	1196	1083	2366	2200
6	6	=	6162	MARCOS SANMARTIN GARCIA	8	1138	1156	1119	2439	2352
7	2	-5	7508	SANTIAGO PRIETO GONZALEZ	8	1131	1052	1211	2621	1803
8	20	+12	2562	PERE NAVARRO GALVEZ	8	1125	1226	1024	2248	2248
9	27	+18	4037	SERGEI NIGERUK	8	1119	1238	1000	2200	2200
10	10	=	4460	FERNANDO PADIN FERNANDEZ	8	1116	1139	1093	2386	2269
11	8	-3	5013	IGNACIO FERNANDEZ PEDROS	8	1113	1119	1106	2412	2289
12	7	-5	7769	CARLOS DOMINGUEZ TABUYO	8	1104	1092	1116	2431	2133
13	23	+10	21097	ROXANA MIHAELA IAMANDI	8	1088	1170	1007	2213	2100
14	9	-5	3243	ADRIAN VIDAL FERNANDEZ	8	1083	1066	1101	2403	2314
15	14	-1	855	JORGE GAMBRA SAID	7	1049		1049	2298	2298
16	42	+26	3905	RAQUEL BONILLA GONZALEZ	7	1048	1142	955	2110	1889
17	16	-1	6074	JAVIER OBELLEIRO RIVEIRO	7	1045	1051	1039	2279	2160
18	13	-5	8287	RUBEN GARCIA RODRIGUEZ	7	1043	1024	1062	2324	2216
19	11	-8	10001	PABLO UXIO REGUEIRO NUÑEZ	7	1043	999	1086	2372	2207
20	19	-1	1584	JACOBO JOSE ENSEÑAT BERA	7	1035	1043	1028	2256	2256
21	15	-6	1501	RAMON BECERRA MELO	7	1035	1029	1040	2279	2134
22	18	-4	5688	ADRIAN ARIAS RAPOSO	7	1024	1018	1030	2259	2209
23	22	-1	9975	MARTIN PINTOS BARREIRO	7	1017	1028	1007	2215	2218
24	34	+10	4417	JOSE ANGEL IGLESIAS MAR IÑO	7	1008	1035	981	2161	2147

- Os xogadores que se incorporen novos ó circuíto, entrarán cos puntos do ranking da liga*.
 *Se os datos históricos teñen moitos anos de antigüidade ou non hai datos históricos, a FGTM (comisión de ranking) asignará un nivel por referencias que poida obter do xogador.